HOMENAXE A SABINO TORRES ▸ A CASA DAS CAMPÁS acollerá o **SÁBADO 30 DE XULLO**, ás 20.30 horas, un acto de homenaxe a Sabino Torres, coincidindo coa presentación dunha das súas últimas aventuras literarias, a revista Olga. O escritor Manuel Pereira, redactor da publicación, lembra neste artigo a figura do editor e poeta.

Sabino, entusiasmo e atrevemento

TRIBUNA ABERTA

POR **MANUEL PEREIRA**
Escritor

HAI VIDAS que, abríndoas por calquera parte que as abras, só teñen vida dentro. Están cheas de soños e camiños. Construídas con tenacidade e entusiasmo, con luz e atrevemento. Sempre espertas e latexantes. As persoas donas destas vidas convértense en indestrutibles para os demais. Pero non, é unha miraxe, tamén están sometidas ao intransixente dominio da morte. Entón, o baleiro que deixan é enorme e os amigos fican orfos do hábito infatigable da súa presenza.

O día 23 de maio deixounos en Madrid Sabino Torres, cando lle faltaba un mes para facer os noventa e dous anos. Case un século de mocidade inquieta e prolongada, podíamos dicir.

Escribiu poesía toda a vida, e ben nove comezou a editala. É un lugar coñecido, un territorio literario imprescindible, a súa colección Benito Soto, nacida do seu impulso e afouteza na Pontevedra en penumbra de 1949.

Despois dedicou o seu tempo a un traballo que non tiña nada que ver coa poesía, pero que lle permitiu gañar a vida folgadamente e aforrar algo de diñeiro para volver á edición poética e dedicarlle a ela parte dos seus aforros.

Nese momento foi cando nós o coñecemos, hai uns vinte anos. Cando el recuperaba a voz literaria que nunca chegou abandonar de todo e cando na súa nova editorial, Litoral das Rías, creou a colección de poesía Hipocampo Amigo.

Incorporouse á tertulia que tiñamos no Café Comercial os compoñentes do grupo poético Bilbao, en Madrid. Horas e horas de conversa, café, historia, retratos e anécdotas. Veu co seu amigo Reimundo García Domínguez, Borobó. Eles, xunto con Xosé Fariña Jamardo e Alexandre Finisterre, compoñían o grupo de maiores ao que escoitabamos con curiosidade, respecto e admiración. Dese xeito as nosas xuntanzas formaban un mosaico xeracional no que as distancias e as vivencias dispares non supoñían ningún inconveniente. Borobó, Finisterre e Fariña, lamentablemente, deixaronnos e deixaron só a Sabino no seu papel de decano, que cumpriu á perfección.

A vida está elaborada con ideas e razóns, con medidas e proxectos, pero moitas veces se constrúe con antollos, azares e paradoxos. Así, na nosa reunión do mes de xuño de 2015, Sabino animounos con insistencia para que o secundásemos no propósito de editar unha revista de creación poética. Explicou con sinxeleza a esencia da publicación e nomeou, de inmediato, a Vicente Araguas director e a Rata Yáñez e mais a min membros da redacción. Ningún dos tres puidemos excluírnos dun proxecto que nacía do degoiro dunha persoa que acababa de facer noventa e un anos.

Esa sería, sen imaxinalo, a derradeira vez que nos xuntamos no Café Comercial, xa que ao mes seguinte tivo lugar o seu abrupto peche. Morría un café e nacía unha revista poética.

En setembro de 2015 decidimos que a tertulia seguiría na cafetería Santander, preto da glorieta de Bilbao, orixe do nome do grupo. Nesa mesma cafetería reuniríamonos os encargados de converter en realidade aquela ilusión. Discutimos e acordamos os detalles da revista. Entre eles o seu nome, que resultou ser Olga, que significa, entre outras cousas, pegada na neve.

Despois de moita dedicación e traballo, a revista foi unha realidade impresa. E grazas, neste caso, ao azar benévolo, puidémoslle presentar a Sabino vinte días antes do seu pasamento. O resultado encantoulle e foi reconfortante para el naqueles momentos nos que a súa saúde estaba tan debilitada. Mais, asemade, apareceu unha nube de melancolía sobre a satisfacción do desexo cumprido cando nos dixo sinto ter que deixarvos agora, sen facer, polo menos, o segundo número.

Estamos seguros de que no seu ceo agnóstico de editor, tipógrafo e poeta, seguirá acollendo e examinando con rigor os números sucesivos que sexamos capaces de compoñer, coa nosa mellor vontade e coa nosa mellor intención, pero xa sen o seu ímpeto, sen o seu criterio e sen o seu optimismo.

O poeta Xulio Valcárcel publicou hai case vinte anos, en Zaragoza, na editorial Olifante, unha formosísima antoloxía bilingüe da súa obra titulada El volumen de la ausencia. E aí nos atopamos agora, sentindo o volume inmenso da súa ausencia, porque, aínda que a partir de determinada idade estamos obrigados ao costume do baleiro, custa reaccionar ante determinadas perdas.

É unha lección difícil de aprender, a aceptación de que todos seremos ausencia. Con maior ou menor volume, pero ausencia.

Contra ela só vale o manancial saudoso do recordo. O que hoxe nos alenta no abandono, contra a súa vontade, por suposto, do admirado editor e escritor, do home que conxuntaba escrupulosamente a roupa que vestía, do depositario de tantas lembranzas, do personaxe que non traizoaba á persoa, do amigo xeneroso e atento, do pontevedrés que amou esta cidade e que conservou intacto ese amor dende Madrid. Digamos Sabino Torres Ferrer e todo coincide.

Sabino Torres en Pontevedra no verán de 2014.
JAVIER CERVERA (ARCHIVO)

Culturgal recibe 2.000 euros máis da Agadic

BELÉN LÓPEZ

PONTEVEDRA. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) ven de anunciar que este ano incrementa en 2.000 euros a súa achega a feira Culturgal, que se celebrará en Pontevedra entre o 2 e o 4 de decembro.

O director da Axencia, Jacobo Sutil, e o presidente da asociación Culturgal, Manuel Bragado, asinaron onte en Santiago un convenio de colaboración polo que a Consellería de Cultura achega 52.000 euros para a realización de actividades na próxima Feira das Industrias Culturais de Galicia.

«No documento rubricado, que aumenta en 2.000 euros a contia disposta para a mesma finalidade que en 2015, as dúas entidades asinantes renovan o seu compromiso para establecer iniciativas que reforcen a acción cultural en Galicia, conxugando o encontro profesional coa presentación, promoción e venda de bens e servizos culturais», explica a Xunta.

O orzamento de Culturgal combina achegas de carácter público coas que realizan empresas e público. O ano pasado, a feira tivo un custe de 141.187 euros. Deles, 50.000 correspondíanse coa achega da Xunta, 30.000 coa do Concello e 8.000 coa da Deputación.

Novos Valores apraza o seu fallo á semana que vén

B.L.

PONTEVEDRA. A recepción dunha nova peza, «que fora rexistrada dentro do prazo oficial, pero que tardou en ser trasladada a Pontevedra dende Santiago», é unha das razóns que deu a Deputación de Pontevedra para adiar o fallo do certame Novos Valores ata a semana que vén. «Os membros do comité valorador aproveitarán para definir os criterios básicos das bolsas de estudos artísticos que se concederán como premio».

Son 120 as obras que concursan este ano en Novos Valores, o concurso da Deputación Provincial, que tiña previsto emitir hoxe o seu fallo. Os premios son catro bolsas de estudos (de 7.500 euros cada unha).

press reader Printed and distributed by PressReader PressReader.com + +1 604 278 4604 COPYRIGHT AND PROTECTED BY APPLICABLE LAW